

# As modalidades represivas no primeiro franquismo. Unha proposta de sistematización

---

JULIO PRADA RODRÍGUEZ

Facultade de Humanidades. Universidade de Vigo

---

## Abstract

In this article an approach to the complex phenomenon of repression is proposed. This approach will be carried out within the most extensive framework, bearing in mind the different intimidation forms present throughout the civil war and the early years of Franco's dictatorship.

Once this wide approach, which covers all the different coercive modalities, has been justified, we then analyse the logic which prevails over the start of the repressive system created by and around the state. And, finally, this system is studied from a proposal of systematization of multiple operativeness.

## Resumen

En el presente artículo se propone un acercamiento al complejo fenómeno de la represión desde una perspectiva amplia que contempla a ésta dentro del más extenso marco de las diferentes formas de intimidación presentes a lo largo de la guerra civil y el primer franquismo.

Justificada la adopción de un enfoque amplio que dé cabida a las diferentes modalidades coactivas, se analiza a continuación la lógica que preside la puesta en marcha de todo el complejo represivo articulado por y alrededor del Estado para, finalmente, abordar su estudio a partir de una propuesta de sistematización de operatividad múltiple.

## 1. Introducción. A represión no marco das diferentes modalidades de intimidación.

A primeira cuestión coa que nos debemos enfrontar ten unha natureza puramente conceptual e terminolóxica, pero resulta de indudable transcendencia para o noso obxecto de estudio, xa que se trata de delimitar que entendemos por represión e cales son as relacións que esta presenta con outras formas de intimidación exercidas polo *poder*<sup>1</sup>.

A represión adoita presentarse situada nunha relación de especie a xénero con respecto á *coacción*. Agora ben, non é frecuente que esta última opere en forma directa como simple acto de instrumentalidade; máis ben se nos aparece como procedente dunha persoa colectiva abstracta e

---

<sup>1</sup> As diferentes análises que se poidan facer das múltiples formas de intimidación ás que pode recorrer o *poder*, non poden facernos perder a perspectiva do que é esencial: o obxectivo que con elas se persegue, que non é outro que o de impoñer a propia vontade contra da resistencia do *outro*; a valoración que cada sociedade faga dos fins perseguidos por tal imposición é o que vai determinar a lexitimidade ou non dunha actuación que sempre, por definición, implica recortar o ámbito de actuación individual dos cidadáns e que, como tal, require a existencia dun grao de institucionalización normativa máis ou menos complexo.

xeral que non a utiliza en beneficio exclusivo dun individuo concreto —por máis que esto sexa evidente nalgúns casos—, senón en interese de todos os membros que participan nas relacións xurídicas. Isto é o que lle permite afirmar a E. B. Pasunakis que «o poder de un home sobre outro realízase como poder do dereito, é dicir, como o poder dunha norma obxectiva e imparcial» (1976: 122). A coerción, pola contra, é tamén, e fundamentalmente, unha das múltiples formas de *interacción*, pois por externa e parcial que poida parecer, resulta inseparable da persoa ou grupo que resulta coaccionado; e isto na medida en que o suxeito que exerce a coacción está condicionado polo efecto que con esta espera producir sobre o suxeito pasivo da mesma, ó tempo que a resposta deste último depende, en gran parte, do efecto que agarda causar en quen a efectúa (Nisbet, 1975: 69).

Dende esta perspectiva podería resultar difícil discernir con claridade entre ambos elementos, especialmente se consideramos a represión como unha forma extrema de coacción; por eso preferimos abarcar dentro daquela determinadas manifestacións intimatorias nas que está máis presente a idea de coerción, pero nas que o nivel de constrinximento da vontade dos que a padecen resulta, como consecuencia das coordenadas singulares nas que opera, superior en extremo ó que cabería prever en virtude da esencia aparente da intimación. Referímonos, sobre todo, ó que estudiaremos baixo o epígrafe de *represión psicolóxica*, que ten como elemento diferenciador o feito de que os seus efectos colaterais van máis lonxe do que poderíamos denominar «efecto natural esperado».

As relacións entre represión e *violencia* non resultan en absoluto, tan problemáticas, pois esta non é máis ca unha das múltiples formas en que pode presentase aquela. Para I. Sotelo por «violencia» debe entenderse o emprego ou ameaza de empregar a forma física nos seus diferentes graos ata chegar á morte, co obxecto de impoñer a vontade propia contra a resistencia do outro (1990:47); na nosa opinión, sen embargo, esta definición restrictiva, motivada polo desexo do autor de fuxir de concepcións figuradas en exceso amplas<sup>2</sup>, non esgota todas as formas que pode revestir a violencia, pois esta pode xurdir de situacións nas que non intervéñ a forza física, ben sexa de modo directo ou eventual. Agora ben, existe outro elemento substancial sobre o que xa reparou E. González cando sinala que a violencia, como manifestación de cultura, debe poñerse en relación co nivel de desenvolvemento do colectivo social que a protagoniza, ou do conxunto da sociedade na que se inscribe, o que a converte nun fenómeno de causalidade múltiple con diferentes procesos de realimentación<sup>3</sup>.

Non cabe dúbida que durante o primeiro franquismo atopámonos diante dunha situación de violencia cuasi permanente, cando menos se a entendemos no senso en que o fai Y. A. Michaud cando inclúe entre os seus presupostos unha situación de interacción na que un ou varios actores actúan de forma directa ou indirecta, masiva ou dispersa, dirixindo o seu ataque contra un ou varios interlocutores en grado variable, ben na súa integridade física, ben na súa integridade moral, nas súas posesións ou nas súas participacións simbólicas e culturais (1978: 20, nota 16). Esta definición, a diferenza da primeira, peca, sen dúbida, de excesiva amplitude, pois incluíría comportamentos, fenómenos e mesmo actitudes que aínda que puidesen compartir con ela certas similitudes e concordancias, non poden ser consideradas propiamente situacións de *violencia*. Sen embargo, e aínda co risco de diminuír a súa funcionalidade especificativa, esta caracterización resulta suma-

---

<sup>2</sup> I. Sotelo entende que deben ser excluídos da noción de «violencia» o que el denomina *sentidos figurados* que, como o de «violencia estrutural» farían alusión á diferenza entre o socialmente posible e o que realmente sucede, utilizando para explicar este concepto o seguinte exemplo: «morrer de tuberculose no século XVIII sería un destino; morrer desta enfermidade hoxe en día, expresión dunha «violencia estrutural» (1990: 47).

<sup>3</sup> O profesor Calleja viu na violencia un fenómeno central da civilización que mesmo pode contemplarse como unha manifestación de cultura; o máis interesante deste plantexamento é, sen embargo, a súa consideración como unha actividade colectiva condicionada por un contexto determinado (1994b: 85-86).

mente operativa por dar cabida a tres planos que consideramos esenciais: o da regulación política, o da perspectiva social e o dos aspectos de natureza simbólica<sup>4</sup>; por eso a asumimos coas lóxicas reservas, pois consideramos que para analizar o marco sociopolítico do primeiro franquismo resultan claramente insuficientes os modelos elaborados polo empirismo funcionalista norteamericano que, á marxe das súas indubidables aportacións ó estudio da violencia e do control social, descoñecen que aquela pode ser empregada polo propio *Poder* para quebrar ou, simplemente, para pasar por riba das pautas de resolución ordinaria do conflito<sup>5</sup>. Só así pode entenderse o cíclico recurso ó uso da forza e da coacción —tanto inmediata e tanxible como mediata e simbólica— que realiza o réxime durante estes anos en zonas que, como Galicia, non supoñían ningún perigo real para a consolidación do novo Estado.

## 2. A lóxica represiva

Os enormes custos sociais e políticos que xera o mantemento dun sistema de represión que afecta a amplas capas da poboación, fan imposible soste a viabilidade práctica de réximes que participan ou, simplemente, toleran a existencia dun modelo represivo cuasi permanente á marxe dunha lóxica que o xustifique. Por conseguinte, debemos tratar de descifrar cal era a lóxica que inspiraba a actividade represiva durante a guerra civil e o primeiro franquismo como paso previo para a súa sistematización, o que nos introduce no espiñento campo das relacións existentes entre «prevención» e «represión».

Con frecuencia téñense asociado ambas as dúas figuras, facendo que a primeira apareza como un medio para alcanzar esta última, que sería o fin perseguido. Sen embargo, a idea de *represión*, contemplada dende a perspectiva do mantemento da orde pública<sup>6</sup> e, mesmo da política criminal, presenta un matiz que a enfronta esencialmente á *prevención*: mentres a primeira asóciase á existencia previa e manifesta de comportamentos contrarios á legalidade establecida, a prevención ten como obxectivo primario conxurar eses comportamentos potenciais antes que se materialicen en conductas lesivas para o corpo social. Con todo, ambos os dous conceptos atópanse estreitamente

---

<sup>4</sup> Sobre a necesidade de restrinxir a amplitude deste concepto vid. Coady (1986) e Platt (1992). Escasamente útil para a nosa análise é a perspectiva de S. Hook, para quen a cualificación de «violencia» debe restrinxirse a aqueles supostos de uso da forza física cando esta é ilexítima ou ilegal, pois a coerción física empregada pola autoridade debidamente constituída é sempre lexítima e conceptualmente debería ser denominada *forza* (cit. en Aróstegui, 1994: 28). J. Aróstegui ofrece, así mesmo, unha interesante definición de «violencia» pola que entende toda resolución ou intento de resolución por medios non consensuados dunha situación de conflito entre partes enfrontadas, o que comporta esencialmente unha acción de imposición, que pode ou non efectuarse con presenza manifesta de forza física. A «violencia política» sería exclusivamente, toda acción non prevista en regras, realizada por calquera actor individual ou colectivo, dirixida a controlar o funcionamento do sistema político dunha sociedade ou a precipitar decisións dentro deste sistema (1994: 30, 44). O atinado desta concepción, malia a excesiva xeneralidade que se contén na segunda disxuntiva, reside, na nosa opinión, en incluír dentro deste concepto determinadas formas de actuación do poder establecido e/ou de grupos dominantes que non adoitan estudiarse baixo este prisma.

<sup>5</sup> En esencia, todas estas posicións recorren á idea de insatisfacción de certas expectativas (ben se presente esta dende a perspectiva da «frustración-agresión», da «privación relativa», da «inadecuación das expectativas de satisfacción á gratificación real» —que da lugar ó coñecido modelo de «curva en J» de J. C. Davies— ou da «modernización que produce frustración»), polo que non resultan axeitadas para explicar o modelo de relacións sociais vixente durante o primeiro franquismo.

<sup>6</sup> A noción de *orde pública* resulta con frecuencia un concepto equívoco pois, en última instancia, a súa determinación vaise facer depender da idea de *interese público*. O problema radica, precisamente, en que a especificación deste último corresponde ó Estado en base a uns obxectivos de natureza política que, por definición, son esencialmente temporais e como tal atópanse sometidos a continuas mutacións. Mentres nos réximes democráticos aquel se identificaría cun deber cidadán de non alterar a orde correcta da *res publica* como garantía de normalidade xurídica e respecto ós dereitos e liberdades individuais, nos sistemas totalitarios e autoritarios adoitase facer coincidir coa disciplina ou *quietude pública* resultante máis do temor cidadán ca do consentimento espontáneo dentro da libre discrepancia dos individuos que integran un corpo social determinado. Semella ocioso reproducir as numerosas proclamas das autoridades franquistas nas que as alusións á *orde pública* puñan de manifesto a súa identificación coa ausencia de calquera modalidade de mobilización e de organización social.

vencellados en base a un parámetro aceptado universalmente cal é o da prevención por medio da represión. Cando este principio transfórmase nun instrumento básico da política criminal dun Estado, córrese o risco de desembocar en fórmulas autoritarias que, ó subordinar as liberdades ó mantemento da seguridade —entendida aquí como garantía da orde pública—, acaban negando os dereitos individuais. Así, aínda que a idea de *represión* semella levar implícita unha connotación negativa, o certo é que depende unicamente da súa correcta aplicación por parte do poder público; por eso tense afirmado con acerto que «onde remata a xustiza conclúe a represión e empeza (...) a *persecución* polo poder público» (Cabanellas, 1974<sup>8</sup>:555).

No caso do franquismo produciuse unha sublimación dese obxectivo xeral de prevención a través de dous mecanismos: o de criminalizar comportamentos que implicaban meras desviacións, entendidas non xa como desconformidade cunha serie de normas comunmente aceptadas senón como simples mostras externas de indiferencia, e o de recorrer sistematicamente á represión para atallar, mesmo antes de se producir, procederes potencialmente perniciosos para os seus intereses. Esta *regulamentación da existencia* non é factible á marxe dun sistema de sancións moi complexo e variado que ten como misión fundamental a de *axustar* permanentemente a conducta de os que incumpren co que é considerado como o seu *deber*, e isto mediante uns mecanismos que formalmente son presentados como carentes de toda subxectividade, é dicir, como a consecuencia lóxica da transgresión do *modo de conducirse natural*.

Non podemos esquecer, sen embargo, que a implantación do réxime franquista conseguiuase gracias ó exercicio da forza; é dicir, foi a victoria bélica á que lexitimou á «Nova España» e non o triunfo dunha ideoloxía concreta (Canales, 1995: I, 75), polo que, cando menos nos seus primeiros intres, posiblemente non podería terse mantido de non ser porque posuía o seu monopolio real ou potencial. Agora ben, a súa perpetuación non pode explicarse unicamente en base a esta<sup>7</sup>, pois a forza resulta insuficiente como explicación mesmo cando o seu exercicio por parte do poder é lexítimo<sup>8</sup>. O feito incuestionable desta afirmación non pode levarnos, sen embargo, a considerar que existe un *consentimento* inherente e xeneralizado respecto do réxime. Si existe unha *condicionalidade* á autoridade no senso de que un sistema de autoridade é vinculante só para os que son membros da organización que contén o sistema de autoridade, pero cando se trata de autoridades que son absolutas e incondicionais, e que como tal dispoñen do monopolio da forza, non podemos deducir que o consentimento forme parte da súa esencia, que sexa un atributo evidente, ben sexa aquela despótica ou democrática (Nisbet, 1975: 113-114).

Esto leváanos ó problema da *lexitimidade* do réxime político, cuestión intimamente vencellada á da obediencia espontánea e voluntaria cara á autoridade. O poder lexítimase mediante formas, prácticas e usos con que se acompaña o seu exercicio, pero tamén pode deducirse da súa propia racionalidade ou, complementariamente, do feito de manterse dentro dos límites do que é considerada como a súa *función* idónea. As dificultades para leximitar un réxime que presentaba tan elevado déficit de consentimento *ab initio* e a necesidade inicial de asegurar a súa supervivencia nun contexto de enfrontamento bélico, trataron de ser paliadas mediante a instauración dun complexo coercitivo que por diferentes medios debía asegurar a súa consolidación, contrarrestando así a ausencia dunha maioritaria aceptación espontánea; tal é a lóxica interna que preside a actividade represora no primeiro franquismo.

---

<sup>7</sup> Como acertadamente sinalou J. J. Moreno, é necesario distinguir entre a inmovilidade social conseguida mediante métodos coactivos máis ou menos violentos, o apoio difuso debido á satisfacción de demandas de tipo simbólico e material e, finalmente, o apoio específico expresado tanto a través da participación nas manifestacións sociais orquestradas polo réxime como canalizado a través das institucións a el vencelladas (1991: 542).

<sup>8</sup> A. Giddens xa chamou a atención sobre o feito de como a atribución ó Estado do Monopolio do uso lexítimo e exclusivo da violencia prodúcese en estreita relación coa atribución ás forzas sociais dominantes do poder de coacción económica (s. d.: 81-90).

### 3. A represión franquista. Unha proposta de sistematización

A existencia de múltiples formas de violencia e coacción durante a guerra civil e o primeiro franquismo resulta incuestionable, pero o elemento clave reside en determinar se tales demostracións responden a manifestacións de natureza irreflexiva e desorganizada de carácter máis ou menos individual e motivadas por vinganzas particulares ou se, pola contra, relaciónanse sequera tanxencialmente cun programa de acción político-ideolóxico orquestrado ou tolerado por aqueles que detentaban o poder político.

Se cadra cómpre anticipar que no estado actual das fontes<sup>9</sup> resulta imposible demostrar que a totalidade da coacción artellada dende os primeiros intres da sublevación e desenvolta durante toda a posguerra, estivo controlada directamente polo Estado, pois unha cousa é a coacción que se fai dende o Estado coa intervención directa dalgún dos seus aparatos, e outra, non necesariamente coincidente, a que este monopoliza e exerce lexitimamente para a salvagarda de determinados intereses comúns. Agora ben, como veremos, os que ocupaban os seus postos dirixentes non só coñecían a súa existencia, senón que a toleraban, a alentaban coa súa inhibición e as súas declaracións —aínda que en Galicia non contamos cun experto da altura dun Queipo de Llano— ou participaban nela directamente. Beneficiábanse así da forzada desmobilización social que traía consigo, podendo presentar como aparente *consensuso* que non era máis có produto dunha brutal represión. Por outra banda, a concreción práctica das diferentes modalidades de violencia e coacción non foi homoxénea ó longo de toda a guerra civil e o primeiro franquismo; existe, pola contra unha certa lóxica evolutiva que trataremos de desentrañar nas páxinas que seguen. Previamente cómpre lembrar que ó analizar as diferentes modalidades que revestiu a represión franquista, hai que ter presente que esta se caracteriza pola súa perfecta institucionalización política, é dicir, por presentar un carácter de acción política programada dende as máis altas instancias da xerarquía militar<sup>10</sup>, o que contrasta coa existencia de determinadas formas de *represión social*<sup>11</sup> que adoitan manifestarse alí onde existe un amplo consenso sobre o modelo sociopolítico vixente<sup>12</sup>. Nun senso parecido exprésase J. Aróstegui cando contrapón os esforzos realizados polo goberno da República para canalizar a violencia social desenvolvida á marxe do poder constituído cara a súa reabsorción polo Estado primeiro e cara a recomposición da Xustiza despois, coa política seguida polos sublevados, para os que a represión dos disidentes tería formado parte dos obxectivos mesmos do

---

<sup>9</sup> Non é necesario estenderse nas múltiples limitacións que aínda persisten nos nosos días para o estudo da represión franquista, especialmente no que se refire ó afondamento nos «criterios e estratexias seguidas polas autoridades que dirixiron a represión» (Ors, 1995: 300-301) debido á imposibilidade de acceder a determinadas fontes e á lóxica ausencia de documentación relativa ós aspectos máis comprometidos da mesma.

<sup>10</sup> Antes do inicio da guerra civil, a *Instrucción Reservada n.º 1* do 25 de maio do 36 dirixida por Mola ós militares que menos de dous meses máis tarde ían encabezar o golpe de Estado, especificaba: «Terase en conta que a acción ha de ser en extremo violenta para reducir o antes posible ó inimigo, que é forte e ben organizado. Dende logo serán encadeados todos os dirixentes dos partidos políticos, sociedades ou sindicatos non adictos ó Movemento, aplicándolles castigos exemplares ós devanditos inimigos para estrangular ós movementos de rebeldía ou folgas». Nas *Instruccións* do 24 de xuño, o xeneral rebelde voltaría a insistir no carácter de «gran violencia» que debería revestir o Movemento.

<sup>11</sup> A *represión social* estaría caracterizada, en termos xerais, pola supresión das formas de conducta consideradas socialmente como indeseables a través de mecanismos de prevención xeral ou especial elaborados e aplicados por un colectivo determinado.

<sup>12</sup> A noción de *consenso* vense configurando tradicionalmente arredor de tres premisas básicas: a admisión común de leis, normas e demais regras, o recoñecemento e adhesión das institución encargadas de promulgar e aplicar as anteriores e un sentimento xeneralizado de unidade e identidade entre os individuos que integran un determinado conxunto social (vid. a voz '*consenso*' en A. Shils).

levantamento e como tal dotada de instrumentos para a súa realización e aparatos ideolóxicos para a súa lexitimación<sup>13</sup>.

Agora ben, o fenómeno da represión a nivel microespacial é moito máis amplo e complexo, o que nos obriga a agrupar en catro grandes categorías as diferentes modalidades que presentou:

### A) *Represión Paralegal*

Baixo este epígrafe<sup>14</sup> pretendemos designar un modelo represivo que, en esencia, adopta a forma dos coñecidos «paseos», «sacas» e «linchamentos» —o *claudear* de que nos falan as fontes na provincia de Ourense—, protagonizado polas que xenericamente se coñecían como *milicias*, é dicir, os grupos vencellados á Falanxe, o «Requeté» e os «Cabaleiros de Santiago e A Coruña»<sup>15</sup> ata a súa militarización ou sometemento ó Código de Xustiza Militar en decembro de 1936 por medio do coñecido *Decreto 112*. A razón de realizar ese distingo explícase pola necesidade de non esquecer as peculiaridades que presenta a represión durante os primeiros meses, especialmente durante os instantes iniciais da sublevación, cando non pode negarse a existencia de fenómenos represivos que escapaban do control dun poder que se atopaba aínda en transo de constitución e do que, polo tanto, non pode culpase única e directamente ás novas autoridades; sen embargo, a férrea dirección militar imposta rapidamente ó amparo da proclamación do «estado de guerra» deu a estas a posibilidade de controlar eficazmente a individuos e grupos (Aróstegui: 1989<sup>3</sup>; 117), polo

---

<sup>13</sup> Vid. «Los componentes sociales y políticos», en AA. VV. (1989<sup>3</sup>: 116-117). Cun certo apaixonamento, A. Reig conclúe que tratábase «non xa de levar á práctica as doutrinas do xeneral prusiano Karl von Clausewitz, de que a guerra era a continuación da política por outros medios, senón de realizar a doutrina da guerra total do xeneral Erich Ludendorff, aplicando métodos de guerra ós conflitos sociais» (vid. 1996: 576-577). Este último autor tamén insiste no diferente carácter que a represión revestiu na zona republicana, onde os consellos de guerra «aplicaron a lexislación vixente correctamente ós militares sublevados (...) [e cómpre distinguír con claridade que] unha cousa eran os esforzos dun Estado (...) por impoñer a lei e outra ben distinta a actuación de contrapoderes que se lanzaron a actuar pola súa contra» (1996: 583).

Se cadra sexa hora xa de comenazar a desterrar —ou, cando menos, matizar— esta interpretación *romántica* que, como ten sinalado M. Ors, arranca dos estudos de hispanistas como G. Brenan, F. Borkeau, H. Thomas e G. Jackson, entre outros, atopando continuidade en especialistas actuais como o xa citado A. Reig ou F. Moreno (1987: 21). Se ben consideramos necesaria esta dose de desmitificación no caso da represión republicana (velaí o estudo do propio M. Ors, 1995: vid. 21, 24-25 e 49), nada atopamos na nosa aproximación ó tema que nos invite a replantexar o esencial do carácter da represión franquista.

<sup>14</sup> M. Ors semella inclinarse polo termo de represión *añadida* para referirse ás actividades represivas dos falanxistas (1995: 49). Sen pretender entrar nunha polémica de carácter nominalista, pensamos, sen embargo, que este concepto ten o inconveniente de que semella aludir a algo «externo», no senso de «agregado ou incorporado» (así o entende o Dicionario da RAE), polo que podería interpretarse erroneamente como un *modus alleo* á vontade do poder constituído; a expresión *paralegal*, pola contra, ten a ventaxe de sinalar a existencia dunha modalidade represiva que existe «a carón doutra» de natureza «legal» ou «institucionalizada» sen formar parte da mesma, pero tolerada e empregada polos que exercían a anterior.

<sup>15</sup> Os *Caballeros de Santiago* constituían unha especie de milicia armada que tiña como elemento distintivo, ademais do carné, unha especie de uniforme que os diferenciaba de falanxistas e requetés. Algúns testemuños —que deben ser tomados con precaución— sitúan o seu número entre 200 e 300; a súa instrución correu a cargo dun tal Comandante Seoane nuns terreos situados ás formas de Ourense. Así mesmo, nos días inmediatos ó triunfo do Alzamento, creouse en A Coruña unha milicia civil popularmente coñecida como *Caballeros de La Coruña*, que tiña como principal responsable ó tenente coronel Benito de Haro; como a anterior, estaba integrada por persoas maduras que xa non se atopaban en condicións de combater nas fronte de guerra. Os seus estatutos non deixaban lugar a dúbidas sobre cal era a súa verdadeira natureza e finalidades: «colaborar co exército na represión e pacificación das zonas da provincia atacadas por elementos subversivos», aínda que algúns dos seus membros tamén se distinguiron por tratar de conter os desmandos dalgunha partida falanxista. Semella que a maioría dos seus membros —o mesmo cós de Santiago vestían uniforme negro ou caqui. Aínda que agrupamos baixo o nome de *milicias* a estes grupos — falanxistas, requetés e «cabaleiros»— non se nos escapa que a súa participación nas actividades represivas foi completamente diferente —non é o intre de entrar nestes distingos—, pero enmarcable nun mesmo epígrafe pola súa relación co poder.

que si son responsables de tales actos cando menos por inhibición máis ou menos interesada, logo de telos fomentado coas súas declaracións<sup>16</sup>.

Neste punto atopámonos coa dificultade engadida da discrepancia existente entre os testemuños dos que a executaron e dos que foron os suxeitos pasivos da represión. Entre os primeiros sostense maioritariamente que a responsabilidade da dirección nas zonas estudadas correspondeu ás autoridades militares<sup>17</sup>; os segundos, pola contra, introducen un meirande grado de precisión. En efecto, coidamos que para a correcta comprensión do fenómeno represivo é preciso distinguir dous momentos diferentes en canto á súa aplicación. Inicialmente, nos días e semanas inmediatamente posteriores ó alzamento, a represión correu a cargo, de xeito maioritario, de falanxistas tanto de novo como de vello cuño<sup>18</sup>; así se deduce de testemuños de localidades ourensáns tan dispares e distanciadas como as que seguen:

«Foi declararse o estado de guerra e empezar [os falanxistas] a sacar ós homes das casas... Aquí viñeron cinco ou seis... a dous os coñecía eu de te-los visto insultado ós obreiros polo Paseo adiante; os outros non eran do pueblo»<sup>19</sup>.

«Primeiro viñeron os falanxistas a buscarnos... A min e a outros... Estaba con eles un que traballaba nas obras do ferrocarril e que xa tivera un lío algún tempo atrás. A miña muller lles dixo que non estaba, que eu fuxira ó monte, pero por si acaso rebuliron toda a casa pero a min non me atoparon... Fixeron de todo eses salvaxes»<sup>20</sup>.

«Eiqué moito non houbo, pero ós poucos días de empezar viñeron uns coa camisa da Falanxe a buscar a un que vivía por aí abaixo, onde aquela casa vella. Amenazaron a todo o

---

<sup>16</sup> A Reig Tapia conclúe que «na retagarda procedeuse a unha sistemática represión, inducida polos caciques locais, pero practicada coa aquiescencia dos mandos militares —único poder existente na zona sublevada—, aínda que era executada basicamente polos falanxistas (moitos deles de aluvián), grupos cívicos, gardas cívics e forzas paramilitares. Este autor considera que o punto de inflexión na masiva e indiscriminada represión dos primeiros intres da guerra ven marcado pola batalla de Madrid, de xeito que a partires do inverno de 1936 aquela «adquire unha dinámica menos indiscriminada e masiva diante da perspectiva dunha guerra longa» (1996: 580, 582).

<sup>17</sup> Vid. X. M. Núñez (1993: 174, n. 120). Esta semella ser tamén a tese do autor, para quen «(...) a participación [na represión e nos paseos] dalgúns falanxistas de 'camisa vella' está probada, os que se ganaron o desprezo dos seus antigos camaradas. A dirección e planificación da represión, sen embargo, semella ter sido militar, empregando para tales mesteres a gardas cívics e a ese grupo de falanxistas 'escollidos' que permaneceron na retagarda para eses cometidos (...)» (1993: 173-174).

<sup>18</sup> Estas tarefas represivas, que frecuentemente desembocaban nos coñecidos *paseos*, deben distinguirse daquelas outras que tiñan como obxectivo a «pacificación» de determinadas localidades que foron capaces de organizar certa resistencia ós militares sublevados. Nestas últimas si está suficientemente acreditada a participación de partidas de falanxistas baixo o mando teórico de militares e Garda Civil, pero os seus obxectivos eran ben diferentes, xa que neste caso tratábase de recuperar o control de tales pobos e vilas, polo que estas operacións inscribíense máis ben nun contexto puramente bélico. O propio Núñez Seixas sinala acertadamente como nos primeiros días da sublevación falanxistas e requetés ourensáns tomaron parte, xunto coa Garda Civil, nas expedicións de «pacificación» contra diferentes núcleos da provincia como A Gudiña, Maceda, Verín e Valdeorras, e mesmo noutros máis alongados como Tui (1993: 172-173). Outros testemuños que puidemos recoller confirmanos esta tese: segundo nos conta A. S. P., de Seixalbo, «*Fumos ó cuartel (...), e como eu xa sabía o manexo do fusil, metéronme con outros de eiquí e de outros sitios de por aí arriba nun camión... E alá fumos para Tui, a tomar Tui que alí había moito lío (...). Tamén iban Guardas Civiles, e non sei si había un militar ou dous que levaban o mando.*»

A presenza de militares, tanto oficiais como voluntarios e recrutas que estaban cumprindo o servizo militar, corrobóranola A. F. R., tamén de Seixalbo: «*Eu fun para o cuartel (...). Ó tempo estaban en problemas en Tui (...) e aquela noite pois marchamos para alá... Iba o tío Francisco, o Remigio e máis (...). Esa xente foron voluntarios [eu estaba de permiso, que estaba facendo o servizo militar].*»

Frecuentemente, esas mesmas partidas, rematadas as operacións nunha localidade determinada, eran trasladadas a outros lugares aínda non de todo «pacificados». Séguenos a dicir A. F. R.: «*E marchamos hasta Lugo. En Lugo aínda (...) había algún jaleo (sic) por alí cerca do ferrocarril (...).*»

<sup>19</sup> Entrevista con I. P. R. de Prado-Lonia (Ourense), realizada polo autor en marzo de 1988.

<sup>20</sup> Entrevista con M. Z. de Seixalbo, realizada polo autor en decembro de 1988.

mundo, e todo era empuxóns e golpes para eíquí e para alá para ver se lle sacaban a algún onde o podían atopar; pero entón non o puideron atopar... Xa fuxira para o monte»<sup>21</sup>.

Estes testemuños resultan especialmente interesantes, xa que demostran que nos primeiros intres do golpe militar, o Exército e a Garda Civil andaban ocupados en tarefas de mantemento do orde público nos escasos núcleos de resistencia que aínda se mantiñan; por eso, as tarefas especificamente represivas nos pobos e nas vilas corresponderon na súa maioría a estas milicias, que tiñan un *modus operandi* máis parecido ó das partidas de composición moi heteroxénea, có dos corpos armados sometidos a unha ríxida disciplina militar.

### B) Represión institucionalizada<sup>22</sup>

Dende o punto de vista da legalidade formal, as normas represivas, calquera que sexa a forma que adopten (leis penais ou antissubversivas, decretos de ilegalización de partidos, sindicatos e todo tipo de manifestacións, edictos policiais...), intégranse a través do que poderíamos denominar un *sistema reparador* que ten como obxectivo básico a salvagarda da orde pública ou a súa restauración cando foi alterada. Se tal sistema traspasa o ámbito da prevención impedindo a libre manifestación de intereses contrapostos, os gobernos responsables da súa aplicación convértese en opresores. No noso caso, a actividade *reparadora* dos que se identificaron cos sublevados, desenvolveuse inicialmente en ausencia dun marco político claro de referencia, pero pronto se dictaron as primeiras disposicións destinadas a garantir a súa eficacia<sup>23</sup>. Esta represión institucionalizada caracterízase por exercitarse de xeito menos espontáneo e máis sistemático cás operacións de *limpeza* ou *pacificación* características da fase anterior. Así, a partires dun intre que resulta difícil de precisar pero que, dependendo das zonas, podemos situar entre os días finais de 1936 e o primeiro trimestre de 1937, a dirección da represión pasou a mans da Garda Civil, case sempre acompañada de elementos falanxistas e, máis raramente, dos *Cabaleiros*, o que non exclúe que aqueles, de xeito máis ou menos esporádico e case sempre pola noite, continuaran cos famosos *paseos*:

«Primeiro fixeron eles o que quixeron [os falanxistas]... Despois viñan a Guardia Civil e falanxistas (...); púñanse nas bocacalles e rodeaban o pobo».

---

<sup>21</sup> Entrevista con J. P. L. de Laza (as iniciais non se corresponden coas verdadeiras por desexo expreso do entrevistado).

<sup>22</sup> Deixamos de lado neste estudo a análise das múltiples forma que presentou esta modalidade represiva cal é a referida ás depuracións de todo tipo de funcionarios, así como o relativo á represión cultural, que serán obxecto doutro traballo máis detallado.

<sup>23</sup> Á marxe da declaración do estado de guerra realizada pola Xunta de Defensa Nacional mediante o coñecido Bando do 28 de xullo, convén destacar o *Decreto 108* de 13 de setembro, que situaba fóra da lei a todos os partidos e organizacións políticas ou sociais integradas no Fronte Popular, completado polo *Decreto 113* de 25 de setembro que, na práctica, consideraba como delito toda actuación política non tolerada expresamente pola Xunta. En todo caso, o parco do marco legal existente non constituíu obstáculo algún para criminalizar comportamentos que non implicasen a adhesión expresa ó Movemento, pois os sublevados interpretaron segundo a súa conveniencia figuras delictuais xa contempladas no Código de Xustiza Militar de 1890; neste senso basta lembrar as condenas impostas polos tribunais militares coa cobertura xurídica que proporcionaba a tipificación no art. 237 da devandita norma do delito de *auxilio á rebelión*, aplicado sen rubor ós que se limitaron a defender a legalidade existente ou, simplemente, a non colaborar coas novas autoridades, arbitrariedade da que dá boa mostra a documentación que puidemos manexar. Respecto á aplicación deste tipo delictual, M. Ors afirma que «relacionábase coa mera cooperación coa República aínda en postos de pouca importancia ou, simplemente, ter unha ideoloxía de esquerdas» (1995: 302); en realidade o abano de posibilidades era moito máis amplo, impreciso e arbitrario, e mesmo puidemos comprobar como se solapaban, dependendo do Tribunal, as acusacións de *adhesión* (ser membro dun sindicato ou partido do Fronte Popular e da masonería, ter desempeñado algún cargo público de relevancia durante a República ou participado como voluntario na guerra), *auxilio e excitación á rebelión* (calquera comentario hostil ós sublevados), polo que resulta practicamente inútil calquera intento serio de sistematización.



«Os que estaban coa Guardia Civil eran os mesmos que fixeran as denuncias. Eles eran quen rodeaban o pueblo: uns cantos que se meteran en Falange...»<sup>24</sup>.

«Este que che digo era “Caballero de Santiago”... Moi católico, moito hábito e moito non sei que, pero foi parecido ós outros. Andaba con algúns dos que viñeron a buscar ó meu pai, cos Gardas Civiles e con aqueles outros sinvergüenzas [os falanxistas] (...) Unha noite, xa ó clarea-lo día —vete tú saber de onde viría a esas horas—, encontrou o cadáver dun na cuneta... na cuneta da carretera que vai para Ceboliño... O mataron esa mesma noite...»<sup>25</sup>.

Entre as normas destinadas a institucionalizar o marco xurídico-legal da represión, destacan os 89 artigos e varias disposicións transitorias que integran a *Lei de Responsabilidades Políticas* de 9 de febreiro de 1939, que deixaría sentir os seus efectos ó longo de toda a posguerra<sup>26</sup>. O primeiro que cómpre destacar desta norma legal que comenzara a súa andaina coa creación o 21 de decembro de 1938 da Comisión Xurídica que dictaminou a ilexitimidade dos poderes existentes no intre de producirse a sublevación, é o seu ámbito de aplicación temporal: o art. 1º retrotrae a súa vixencia ó período comprendido dende o 1 de outubro de 1934 ata o intre da súa publicación, o que implica descoñecer dous principios esenciais do dereito penal cales son a irretroactividade das disposicións sancionadoras ou restrictivas de dereitos individuais e a seguridade xurídica. En segundo lugar, sobresaee a amplitude do suxeito pasivo da mesma («persoas, tanto xurídicas como físicas») e a consciente vaguidade da redacción do feito punible que dá lugar á súa aplicación no propio art. 1º, por máis que ó longo do seu articulado especificáranse con maior precisión as causas que motivaban a esixencia de responsabilidade política (contribuír «a crear ou agravar a subversión de todo orde de que se fixo vítima España» ou haberse oposto «ó Movemento Nacional con actos concretos ou pasividade grave» a partires de xullo do 36). Finalmente, outros investigadores xa insistiron dabondo no permanente recurso que as autoridades franquistas fixeron ós tribunais militares, ós que converteron nun dos instrumentos esenciais para a represión política á marxe da xustiza ordinaria (vid Berdugo, 1981 e Lanero, 1996).

Da análise deste precepto legal e do propio *modus operandi da represión*, despréndese que non se pretende tanto reprimir condutas concretas que implicasen un perigo para o alzamento, canto paralizar posibles desafeccións e forzar a colaboración activa dos que puidesen aparecer como indiferentes<sup>27</sup>. Reforza esta interpretación —á marxe da súa avanzada data de publicación, a escasos dous meses do remate da guerra— tanto o feito de que esta norma serviu de marco legal para a maioría dos procesos instruídos durante a posguerra (Villarroya e Solé, 1988: 62) como para algunhas sentencias exemplificantes dictadas mesmo con posterioridade ó pasamento dos incursos

---

<sup>24</sup> Entrevistas realizadas polo autor con A. M. V. y C. A. G., ambos os dous de Seixalbo (as iniciais non se corresponden coas verdadeiras por desexo dos interesados).

<sup>25</sup> Entrevista con I. P. R.

<sup>26</sup> BOE de 13-II-1939; reformada o 19 de febreiro de 1942 mediante unha lei que suprimiu os Tribunais Rexionais encargados da súa aplicación trasladando as súas competencias ás Audiencias Provinciais, mantería en teoría a súa vixencia ata o 10 de novembro de 1966 a pesares do previsto no Decreto de 13 de abril de 1945. Como precedente básico da mesma tense sinalado o *Decreto 108* da Xunta de Defensa Nacional sobre *Incautación dos bens de sociedades políticas e tramitación de expedientes de responsabilidade civil* de setembro de 1936. Sobre esta e outras cuestións relativas á lexislación represiva vid. Berdugo (1981: 97-128). Prescindiremos neste traballo do estudio dos efectos da LRM, non só polas limitacións de espazo senón polo feito de que aínda non puideron ser contrastados suficientemente con fonte oral.

<sup>27</sup> Non pode ser outra a intención de criminalizar condutas tan dispares, situándoas en idéntico plano, como son os *feitos concretos* de oposición e a *pasividade grave* fronte ó Movemento. Idénticos obxectivos tería perseguido o xa citado *Decreto 108* que retrotraía, así mesmo, o seu ámbito de vixencia ó período inmediatamente anterior á súa publicación, en concreto a xullo de 1936.

en responsabilidades<sup>28</sup>, de xeito que as penas resultantes da súa aplicación constituían un engadido ás xa impostas pola xurisdicción militar. Dende esta perspectiva a actuación dos tribunais civís e militares encargados de aplicar a represión legal constitúe un reflexo dos valores de unidade política, social, espiritual e de destino que inspiraban ó Réxime<sup>29</sup>; deste xeito, configúrase un dereito penal que descoñece o principio de intervención mínima propio dunha concepción democrática do mesmo e que privilexia, pola contra, o obxectivo de modelar comportamentos e mentalidades dentro da máis pura tradición de submisión absoluta do vencido.

### C) Represión «social»

O ambiente no que se desenvolve o home é sempre o produto da conciencia, o que o configura, en primeiro termo, como un universo simbólico (Ripollés, 1979: 117) no que se introduce o individuo a partires da súa aprendizaxe dos diversos significados e conceptos que o configuran. Neste contexto a vida cotián «preséntase como unha realidade interpretada polos homes (...) para [os que] ten o significado subxectivo dun mundo coherente» (Berger e Luckman, 1972: 36). Por eso, a carón dos mecanismos de natureza institucional ós que nos referimos anteriormente, non podemos esquecer o papel xogado por toda unha armazón que poderíamos denominar *informal*, dentro da que terían cabida unha infinidade de realidades de grao de operatividade e eficacia práctica diferente: relacións clientelares nos pobos, pactismo, estratexias adaptativas, presión subliminal ou selectiva, coacción económica e moral...

As pretensións deste traballo non permiten desentrañar na súa integridade a totalidade dos mecanismos de concreción destas fórmulas, así como a determinación definitiva do seu carácter planificado e estruturado, polo que as nosas conclusións nesta materia deben ser tomadas como unha aportación, certamente modesta, ó «estado da cuestión». Agora ben, o que non é posible é dudar, cando menos, da *utilización* que as autoridades fixeron das mesmas ó servizo dunha

---

<sup>28</sup> Nos expedientes xudiciais que puidemos manexar —a maioría incompletos— non eran excepcionais casos como os de C. P., condenado por sentenza de 19 de abril de 1937 dictada en consello de guerra ordinario de praza celebrado en Ourense á pena de 15 anos de reclusión temporal coas accesorias correspondentes por un delito de *auxilio á rebelión*; instruído expediente de embargo, resultou que o citado C. P. C. «carecía de bens de fortuna», tendo como cargas familiares muller e seis fillos, e que finara nun accidente de traballo no mosteiro-prisión de Oseira en agosto de 1937, malia o que o Tribunal de Responsabilidades Políticas decláralo —a *un morto*— «incurso en responsabilidade política» e «suxeito a responsabilidade económica» de 50 pts. mediante notificación que se lle entrega a súa viúva con data de 15 de maio de 1940, sendo desestimada a posterior reclamación desta que houbo de satisfacer o importe da multa para evitar o embargo do seu caudal hereditario; esto contradice, por certo, a afirmación de Ors Montenegro acerca de que «na práctica (...) non se cumprira [o pago destas multas póstumas]» (1995:84). A xustificación deste proceder atopaba amparo no art. 15 da LRP a tenor do que «As sancións económicas faranse efectivas, aínda que o responsable finara, antes de principiar o procedemento ou durante a súa tramitación, con cargo ó seu caudal hereditario, e serán transmisibles ós herdeiros (...)». Por conseguinte, nin a morte, nin a ausencia —nin as súas respectivas declaracións xudiciais— nin a incomparecencia dos presuntos responsables paralizaban a tramitación do expediente ata a súa conclusión definitiva.

Tales arbitrariedades, agravadas pola publicación na prensa da notificación ó inculpado morto da súa posibilidade de formular «escrito de defensa», perduraron na memoria colectiva da localidade ourensana de onde era veciño o condenado; así o puidemos constatar nunha serie de conversas mantidas entre 1988 e 1992 das que se desprende a percepción das resolucións do tribunal como unha medida exemplarizante para o resto da poboación fundada unicamente en postulados de prevención xeral. Neste senso, a finalidade da lei iría moito máis alá do apuntado por J. Chaves cando se refire a «unhas sancións que (...) estaban marcadas máis polo desexo de castigo ós vencidos que por calquera outro criterio racional e axustado a dereito» (1995: 97-98). Poderase argumentar dende o punto de vista xurídico a vulneración de cantas garantías procesuais e penais se desexe, pero non a falta dunha racionalidade perfectamente meditada que non era outra cá xa aludida de paralizar calquera actividade de resistencia dos desafectos e forzar a colaboración activa dos indiferentes, prolongando o clima de sometemento e estigmatización dos vencidos. Coidamos que esta interpretación complementa e enriquece o apuntado por M. Ors, para quen «a única finalidade da lei para o réxime de Franco foi a de crear unha relación enorme de persoas politicamente incapacitadas para o novo réxime» (1995: 307).

<sup>29</sup> Para un desenvolvemento máis polo miúdo desta cuestión vid. J. F. Bastida (1987).

estratexia primeiro de desmobilización e máis adiante de procura de consenso, o que sen dúbida incide no control de calquera discrepancia, non só externa senón internamente manifestada, e converte en innecesario o recurso a unha represión física permanente e sistemática. Pensemos, por exemplo, no interese do Réxime por controlar os mecanismos de producións simbólicas no seo das comunidades de posguerra: resulta evidente que a posibilidade efectiva de controlar o contido e significado dos símbolos, regulamentando a súa difusión e aprendizaxe, proporciona unha enorme capacidade de influencia sobre a *conciencia* resultante; actuando sobre aqueles determínase de xeito directo esta, e de modo indirecto a conducta dos suxeitos, de aí as evidentes interrelacións existentes entre orde simbólico e orde político (Mira, 1990: 30-31). Configúrase así unha situación cuasi permanente de *violencia simbólica* que viría definida como a imposición arbitraria de sistemas simbólicos ó individuo dende diversos ámbitos con proxección social entre os que destacan a familia, a escola e diversas instancias mediáticas como a Igrexa<sup>30</sup>.

«Na Igrexa decíache o cura que os “roxos” eran os “sin Dios” e os “sin patria”, que aquilo era unha “Cruzada”... A maioría non facía caso, pero algo deso sempre quedaba, así que non che quedaba máis que calar, a nós e ós que lles pasara como ó noso pai... Tiñas que aguantar todo eso, e ademais tíñalo que oír á forza porque senón aínda chas facían pasar máis negras (...) ¡Hasta na misa tiñas que estar oíndo como o cura lle daba gracias a Dios pola “victoria” e lle pedía por Franco...!»<sup>31</sup>

«Todo eran discursos falando da “victoria” e todo catecismo... (...) Coa República na escola aprendías como agora, pero despois todo era catecismo... Hasta había unha cousa que lle chamaban “formación del espíritu nacional” ou algo así... ¡Imaxínate o que podías aprender aí!»<sup>32</sup>.

Outras veces, estas mesmas instancias, aproveitando a posición de privilexio que ostentaban dentro da estrutura de poder do novo réxime, exercían unha *violencia* que non só era simbólica senón que tiña unha dimensión física e práctica evidente:

«(...) porque era filla de solteira (...). ¿Acórdaste de aquilo do subsidio familiar, que che daban unhas perras para axuda dos fillos?... O caso é que llo negaron porque cando a guerra o pai escapara para o outro lado e o caso é que morrera alá por Madrid (...), e por eso nunca chegou a casar coa nai, e hasta penso que morreu sen saber que a deixaba en estado... E entón negáronlle o subsidio (...). Eu creo que moita culpa a tivo o cura, porque non quixo dar un informe favorable para arrexilar a cousa...»<sup>33</sup>.

---

<sup>30</sup> A defensa dunha Igrexa intimamente xunguida ó Estado parte da consideración de que ambas sociedades atópanse vencelladas por servizos recíprocos, e por isto a súa actuación debe estar inspirada por idénticos principios morais; así se explican os esforzos realizados polo Réxime por revestir o seu labor represor dunha idea de Cruzada. O exercicio do poder por parte do Caudillo non se xustifica por vontade da comunidade senón do mesmo Deus; en todo caso aquela lle transfire a mera *potestade*, pero non a *autoridade* (non potestatem, sed propriam auctoritatem) que deriva da «gracia de Deus». Agora ben, cando se trata de enxuízar a participación do clero nas tarefas represivas é preciso fuxir de perigosas xeneralizacións: non pode dubidarse do apoio que a alta xerarquía eclesíastica prestou ós sublevados, pero o papel xogado polos curas rurais foi moi diferente segundo se deduce dos testemuños recollidos. Así, nalgunhas localidades foron eles parte activa nas tarefas represivas, mentes en outras a súa intermediación foi decisiva para evitar espaxamentos de sangue; isto nos obriga a repensar a acción represora do clero dende paradigmas que contemplan a actuación dos membros dese colectivo mediante o recurso ás fontes orais, que amosan a diversidade de comportamentos para unha mesma comarca (vid. o caso de Betanzos en Gómez, 1993: p. 69), complementados —cando é posible— coa documentación que se contén nos expedientes de responsabilidades políticas nos que consta a nota-informe do cura sobre os comportamentos políticos e sociais dos seus fregueses.

<sup>31</sup> Entrevista con I. P. R.

<sup>32</sup> *Ibidem*.

<sup>33</sup> Extracto manuscrito das notas tomadas polo autor durante unha conversa mantida por M. C. B. (O Pinto-Vilar de Odelles-Ourense) e O. R. B. (Ourense) en novembro de 1995. Como é sabido, o regulamento normativo do subsidio familiar foi empregado como un mecanismo indirecto para estrangular comportamentos considerados como moralmente indesexables, imposibilitando que as traballadoras solteiras con fillos non recoñecidos puidesen recibir esta prestación (Aznar, 1944: 310-312; cit. en González, 1996: 6). A *sanción* comunitaria sumábase así outra de

«(...) non era moi dado a ir á misa... Algún domingo que outro, pero non era seguido... Cando emigrei, tiñame que facer un certificado o cura... Ou sea, o certificado dábamo no Aiuntamiento, pero era o cura o que tiña que dar os informes... Total, que despois de moito lle rogar, de moito andar detrás del, aínda lle tuven que dar uns pesos a conta das limosnas para salvar a miña alma (...)»<sup>34</sup>.

Entre as peculiaridades deste modelo de represión sobresa a súa percepción como *lexítima* —no senso de que se atopa socialmente recoñecida de modo xeral—, polo que o seu control resulta especialmente interesante para o *poder*, pois dende o intre en que o individuo se define en termos de natureza social e se recoñece á sociedade como superior a este, a *inculcación* resultante do proceso educativo convértese nunha función social necesaria e imprescindible<sup>35</sup>.

No seo das comunidades rurais son numerosas as situacións nas que o concurso de todos ou de partados seus membros faise necesario para solucionar unha morea de problemas<sup>36</sup>. As sancións coas que os individuos *disidentes* poden ser estigmatizados determinan, en casos extremos, a súa total marxinação do resto da colectividade, o que mesmo podería facerse extensivo ós seus parentes máis próximos. Este sentimento de marxinação inducido ás unidades domésticas, polos seus prolongados efectos e eficacia práctica real, constitúe un mecanismo suficientemente poderoso como para facer desistir de calquera acción contraria ó orde establecido:

«A nós, os dous primeiros anos, mentras non acabou a guerra, non viñeron a axudarnos na eira... ¡Era tanto o medo que había...! Nin tampouco podíamos ir nós xuntos dos outros... Sempre nos decían que non precisaban xente, que xa había dabondo. Incluso cando a mata, o ano que se levaron ó noso pai e ó noso irmao maior, que había un marrao na casa, tivo que vir o (...), a escondidas... Nós solos, pequenos como eramos e coa nai enferma, non podíamos valernos solos (...). Uns por medo, outros porque non estaba ben visto ter relación con xente de esquerdas... ¡Eu que sei porque o farían!...»<sup>37</sup>.

Agora ben, o certo é que mesmo nestes casos excepcionais prevalece o instinto de supervivencia comunitaria nuns niveis interrelacionais demasiado estreitos como para provocar fracturas que rachen con carácter definitivo a cohesión do grupo. Ademais, existe un segundo nivel de relacións intracomunitarias que se sitúa, sen discusión, á marxe de calquera proceso de estigmatización; é dicir, existen unha serie de situacións nas que a solidariedade colectiva prevalece sobre calquera imposición social de maxinación. Trátase do que poderíamos denominar *sistema de entreaxudas de tipo humanitario*, que responde a situacións extremas moi diversas (incendios, enfermidade,

---

natureza normativa que retroalimentaba a primeira na medida en que as dificultades económicas polas que pasaban as familias abocadas a esta situación, eran percibidas como o resultado dun comportamento presentado como *amoral* polas instancias de poder.

<sup>34</sup> Entrevista con F. F. D., natural de Folgoso (Vilar de Ordellas) realizada polo autor en novembro de 1995.

<sup>35</sup> O conxunto destes códigos de natureza simbólica, apreñendidos con moita máis forza no seo das comunidades de reducido tamaño, desempeñan na orde social existente un rol esencialmente reproductivo: presentado este como dotado internamente dunha lóxica e dunha racionalidade específica, é preciso *socializar* ó suxeito, e se isto non resulta posible, garantir o seu extrañamento, pois dito orde debe estar á marxe de oposicións ideolóxicas, o que só é factible se o integran suxeitos *disciplinados*. Sobre o papel específico da educación vid. Durkheim (1975: en esp. 66 e ss. e 1972).

<sup>36</sup> J. A. Fidalgo enumera entre estes a construción ou reacondicionamento de edificios comúns (igreja, escola, casa rectoral...), apertura e conservación de camiños e fontes públicas, conductions de auga, realización de actividades domésticas nas que se precisa a colaboración veciñal como a sega e a malla, actividades relacionadas co apagado de incendios, transmisión de noticias... (vid. 1988: 156 e 160-181).

<sup>37</sup> Entrevista realizada polo autor con C. A. G., de Seixalbo en decembro de 1988 (as iniciais non se corresponden coas verdadeiras por desexo expreso do entrevistado).

velorios...) nas que a gravidade trascende o nivel das relacións sociais meramente externas, situándose nun plano diferente cal é o da propia supervivencia da comunidade. Por eso, a gran maioría —por non dicir a totalidade— das unidades domésticas que a integran están dispostas, aínda que non sexan solicitadas, a prestar o seu concurso diante do comprometido da virtualidade á que se enfrontan, e esto con independencia de que, superada esta, as cousas regresen ó seu *statu quo* habitual. Trátase de circunstancias nas que, dende un punto de vista estrutural, a colectividade como un todo social vese afectada, «e por eso é que se axuda; porque con esto estanse a axudar a si mesmos»<sup>38</sup>:

«Mire: eiquí necesitábamonos todos. Non era como agora... Pero aínda hoxe se hai un incendio ou morre alguén... Por moito que che quixeran apartar podíase queimar unha eira, podía enfermar alguén e, como eras o veciño máis cercano, tiñas que dar o aviso ó médico, podía facer falta un sacho ou que sei eu... (...) Eiquí todos dependíamos de todos... As cousas da política tiñan que quedar moitas veces aparcadas, incluso nos peores anos despois de acabada a guerra... Así o vivín eu mesmo...»<sup>39</sup>.

Nestas situacións poderíamos dicir que «o individuo carece de realidade propia e só dispón daquela que a sociedade lle presta» (Ortega, 1979, 42) de xeito que, no fondo, a dinámica social rexese por forzas que non é posible controlar na súa totalidade e aí reside, precisamente, o fracaso parcial do Réxime e as súas tentativas de decretar a *morte social* de determinados individuos particularmente desafectos. Como demostramos noutro lugar, o intento de someter a estes de modo absoluto á lóxica dos vencedores provocou o desenvolvemento dunha serie de estratexias de resistencia de baixo risco —moitas veces de carácter simbólico— protagonizadas por grupos subalternos que manifestan así a súa desconformidade fronte ás pretensións lexitimadoras do poder (Prada e Soutelo, 1996).

### C) *Represión psicolóxica*

A cuestión da represión psicolóxica<sup>40</sup> foi tratada de xeito maxistral por Marcuse (1971) a través do que el denomina *represión excedente*; esta viría definida pola existencia dunha serie de controles adicionais produto das institucións específicas de dominación, o que determina que represión básica e excedente atópanse esencialmente xunguidas na súa aplicación práctica. A primeira asegurouse a través do exercicio da violencia; para impoñer a segunda xa vimos que basta con determinar, a través duns códigos de conducta artellados dende diversas instancias (o púlpito, a escola, os medios de comunicación...)<sup>41</sup>, o modo de conducirse do agregado social, aproveitando a influencia que este exerce sobre os seus membros para controlar calquera conducta disidente, para producir, en definitiva, unha determinada interpretación do real.

---

<sup>38</sup> Fidalgo (1988:171). Aínda que analizadas exclusivamente dende o punto de vista antropolóxico e circunscritas a un ámbito meramente taxonómico e analítico das formas de traballo colectivo nas comunidades campesiñas, acerta o profesor Fidalgo cando sostén que, a nivel doméstico, ninguén está libre de verse calquera día en similares situación, polo que ó prestar agora tal colaboración tense asegurada idéntica resposta colectiva para cando se precisa, polo que estas axudas son desinteresadas só en aparencia cando, en realidade, ocultan unha boa dose de significación utilitarista.

<sup>39</sup> Entrevista con R. G. D., de Seixalbo, realizada polo autor en decembro de 1988 (as iniciais non se corresponden coas verdadeiras por desexo do entrevistado).

<sup>40</sup> Dende a perspectiva da psicanálise, a *represión* concretizaríase nun proceso ou operación como resultado do que o suxeito relega ó inconsciente unha serie de representacións ou ideas que resultan inaceptables en virtude de determinadas precondicións ou esixencias.

<sup>41</sup> Sobre o papel desempeñado pola escola na socialización políticas dentro do sistema vid., p. ex., Cámara (1984).

En todo caso, sería un perigoso reduccionismo explicar un fenómeno de natureza eminentemente social como é o da represión, dende unha perspectiva puramente psicolóxica, pero caeríamos en idéntico erro se pretendesemos unha explicación omnicompreensiva ou total daquela prescindindo desta. O que sucede é que existe o que poderíamos denominar un *nivel inferior* constituído por unha represión institucionalizada nas súas múltiples variantes, da que se deriva un *estrato superior* integrado polas estruturas mentais autorreprimidas, aínda que este último, por si mesmo, non pode esclarecer un comportamento que se manifesta como social, ó que hai que engadir a súa extraordinaria complexidade: os seus mecanismos de concreción son tan sutís e penetrantes que só moi dificilmente poden ser detectados cos procedementos de investigación tradicionais.

Obvia dicir, en calquera caso, que os devanditos niveis interactúan entre si, pero non é menos certo que cada un deles posúe a súa propia realidade conceptual e á súa propia virtualidade. Isto resulta particularmente evidente no caso que nos ocupa: o exercicio da coacción *na base* transcende o ámbito da conducta externamente manifestada e se estende ó ámbito interno do suxeito, capaz de coaccionarse a si mesmo, de negarse conductas e valores estimadas como desexables ou de impoñerse outras non desexadas<sup>42</sup>; en definitiva, a coerción do grupo e de determinadas instancias de poder sobre o individuo, conduce á coerción asimilada e interiorizada que, como sinalaba Durkheim, non é máis que outro nodo de referirnos ó que chamamos conciencia.

Coacción, represión e violencia remítenos, pois, a diferentes formas de *control social* imposto dende o poder, que pode contemplarse tamén dende unha perspectiva negativa «cando se interioriza no proceso de socialización, de xeito que o individuo vive aquilo externo como unha obriga moral» (Fuentes, 1988: 510). Isto adoita provocar unha especie de *desviación moral* resultante do choque entre as directrices conductuais inflixidas e os modelos considerados previamente como lexítimos<sup>43</sup>. En efecto, o sistema represivo da posguerra non tiña como obxectivo único —posiblemente nin sequera primordial— condicionar as conductas sociopolíticas externas dos

---

<sup>42</sup> Na nosa opinión, determinados códigos de conducta impostos durante a guerra e a inmediata posguerra mantivéronse vixentes durante as tres xeracións que se sucederon neste período: os que eran pais e nais de familia ó producirse a sublevación, as xeracións intermedias (nados entre principios dos anos vinte e principios dos corenta) e a xeración posterior (nados a partires de mediados dos corenta). A primeira xeración trata de eludir calquera cuestión relacionada coa súa actividade política anterior á guerra e co fenómeno da represión: *Eu nunca quixen que se falara de política na miña casa cos rapaces. Non me gustaba que soubesen certas cousas porque neste país non se pode meter un nelas* (entrevista con C. A. G., encadeado en 1937 acusado de actividades comunistas); mesmo a negación destes aspectos trata de ser inculcada a esas xeracións intermedias a través do castigo físico: *Cando viña co meu irmao e vimos a algún que andaba escapado, tiñámoslle medo e falabamos entre nós, pero na casa non se podían sacar eses temas porque senón ganaba unha panadeira* (entrevista con T. V. A., en que en 1936 tiña uns doce anos —as iniciais non se corresponden coas verdadeiras). Finalmente, esa xeración intermedia trata de impoñer idénticos códigos de conducta ós seus descendentes resulta ilustrativa en tal sentido a conversa mantida polo entrevistador en 1988 cunha moza de vinte anos (R1) que conta como o seu abó axudaba a escapar a un home perseguido pola Garda Civil; no diálogo interveñen a nai (R2) e a aboa (R3):

R3: *Pero o abuelo [seu marido] non o sabía.*

R2: *Os abuelos [seu pai —xa finado— e a súa nai presente na conversa] non o sabían.*

R1: *O abuelo foille dicir que escapara por alá para que non o viran (...) pero collérono...*

R3: *¿Pero collérono ó tempo?*

R4: *Sí que o colleron.*

R3: *Non creo que o colleran porque sinón, ao tempo, mataban ao abuelo.*

R1: *Non, porque o abuelo non sabía nada.*

<sup>43</sup> Este é, en esencia, o plantexamento de T. Parsons ó referirse á *forza* como medio de control social, o que explica que a efectividade desta última sexa moito maior cando se trata de evitar certas conductas ou de impedir que se manifesten determinados comportamentos, que cando se pretende inducir á realización de accións. A esta concepción pódesele criticar a asociación que fai daquela coa suxeición por medios *físicos*, e esto sen esquecer que son as teses parsonianas as que, como sinala J. Aróstegui, deron orixe á interesada atribución ó poder do uso da *forza* e ós seus opoñentes o da *violencia* (1994: 54, n. 82).

suxeitos toda vez que a victoria militar resultaba incuestionable; as súas pretensións resultaban moito máis globalizadoras, pois estendíanse ó ámbito da internalización das ideas e das conductas e como tal os seus efectos trascenden do xa amplo marco de *privacións, renunciás e carencias* do que falaba H. Heine (1988: 309).

#### 4. Conclusións

O Estado franquista cumpre durante a guerra e a inmediata posguerra un papel ben definido: por unha banda organiza ou tolera que outros organicen a violencia e, ó tempo, trata de sentar as bases da organización do consentimento para non ter que recorrer permanentemente á primeira. As normas de conducta impostas deixan de responder así a unhas expectativas colectivas compartidas<sup>44</sup>, a uns valores universalizables, o que explica que só puidesen impoñerse, fundamentalmente, a través da coacción<sup>45</sup>. En efecto, posto que a súa xeneralización se produce a través do proceso de socialización, e a intensidade deste depende do número de membros do colectivo que as asumen como propias, podemos concluír que a súa eficacia externa, sendo este último limitado, descansou fundamentalmente na coacción.

A represión, convertida nun pilar básico para asegurarse o control do poder político, destaca, sen embargo, polas súas aspiracións de amplitude (depuración de mestres, funcionarios e profesionais liberais, control ideolóxico a través da Igrexa e de Falanxe, racionamento e intervencionismo na produción, censura...), co que se exceden amplamente os instrumentos de coacción típicos do Estado. Esta *materialización ampliada* da represión sobresa tamén pola súa prolongación no tempo, o que demostra que non perseguía unicamente eliminar toda posible resistencia ó Réxime<sup>46</sup>; quizais a explicación desto reside no apuntado polo profesor Aróstegui no senso de que a dictadura de Franco, ó confundir o sistema de orde público co da represión da disidencia, tería chegado a assimilar o un co outro (1988: 242). En efecto, se a represión franquista se tivese dirixido en exclusiva contra os inimigos que significaban un perigo *real* para o Réxime non tería alcanzado nin de lonxe as magnitudes que os diferentes estudos rexionais e locais están poñendo de manifesto. O que sorprende daquela, pola contra, son as súas aspiracións de globalidade, de chegar ata os que podían aparecer como simples adversarios *potenciais*, de, en definitiva, restrinxir as zonas de autonomía individual ata límites insospeitados.

---

<sup>44</sup> Tense afirmado que as normas representan as expectativas colectivas vencelladas á eventual aplicación de sancións; dende esta perspectiva tamén definirían o comportamento apropiado a nivel de costumes e leis, procedendo a súa lexitimación da existencia dunha serie de principios máis xerais denominados *valores* (Fuertes, 1988: 510).

<sup>45</sup> Dende esta perspectiva semella evidente a insuficiencia da análise da socioloxía funcionalista —en particular do xa citado Parsons, para a que as normas son sempre o reflexo do consenso social existente e dun sistema común de valores, o que supón minimizar a efectividade da coacción fronte a efectividade da socialización e do sistema de recompensas deseñado en beneficio dos que actúan de conformidade coas normas.

<sup>46</sup> Os efectos estruturais da guerra civil e da posterior autocracia franquista en Galicia xa foron apuntados por B. Maiz, quen distingue entre as *consecuencias directas* concretizadas no período 1936-1939 (ruptura traumática do proceso democratizador e da autoafirmación de Galicia como pobo, represión inmediata, exilio e agochamento) e as *consecuencias indirectas*, de moita maior duración (dictadura prolongada e represiva, retroceso económico e social, sometemento ideolóxico e marxinação de amplas capas da poboación) (1987: 22). Sobre a ruptura do proceso de adaptación campesiña ó sistema capitalista, vid. Fernández (1993: 50-53 e 63).

## BIBLIOGRAFÍA CITADA

- ARÓSTEGUI, J. (1988), «La oposición al franquismo. Represión y violencia política», en Actas del Congreso Internacional *La oposición al régimen de Franco*. Madrid.
- (1989<sup>3</sup>), «Los componentes sociales y políticos», en AA. VV., *La guerra civil española 50 años después*. Barcelona, Labor, pp. 45-122.
- (1994), «Violencia, sociedad política: la definición de la violencia», en J. Aróstegui (ed.), *Violencia y política en España*. *Ayer*, n.º 13, Madrid, Marcial Pons, pp. 17-55.
- AZNAR EMBID (1944), «Para quién se ha dado el régimen de subsidios familiares», en *Boletín de Información del I. N. P.* Vol. I, n.º 3.
- BASTIDA FREIJEDO, J. F. (1987), *Jueces y franquismo. El pensamiento político del Tribunal Supremo en la Dictadura*, Barcelona, Ariel.
- BERDUGO GÓMEZ DE LA TORRE, I. (1981), «Derecho represivo en los periodos de guerra posguerra (1936-1945)», en *Revista de la Facultad de Derecho de la Universidad Complutense*, Madrid, pp. 97-128.
- BERGER, P. L. e T. LUCKMANN (1972), *La construcción social de la realidad*. Buenos Aires, Amorrortu.
- CABANELLAS, G. (1974<sup>8</sup>), *Diccionario de Derecho Usual*. Buenos Aires, Heliasta.
- CÁMARA VILLAR, G. V. (1984), *Nacional-Catolicismo y escuela: la socialización política del franquismo (1936-1951)*. Jaén, Heperia.
- CANALES SERRANO, A. F. (1995), «Las lógicas de la victoria. Modelos de funcionamiento político local y provincial bajo el primer franquismo», en *II Encuentro de investigadores del Franquismo*. Alicante, T. I, pp. 74-81.
- COADY, C. A. J. (1986), «The Idea of Violence», en *Journal of Applied Philosophy*, vol. 3, 1.
- CHAVES PALACIOS, J. (1995), «La represión contra los disidentes: consecuencias de la Ley de Responsabilidades Políticas en la provincia de Cáceres», en *II Encuentro de Investigadores del franquismo*. T. I. Alicante, pp. 97-108.
- DURKHEIM, E. (1972), *La educación moral*. Buenos Aires, Schapire.
- (1975), *Educación y sociología*, Barcelona, Península.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. (1993), «Represión franquista e desartellamento social en Galicia. A destrucción da organización societaria campesiña. 1936-1943», en *Historia social*, 15. Valencia, UNED, pp. 49-65.
- FIDALGO SANTAMARIÑA, J. A. (1988), *Antropoloxía de una parroquia rural*. Ourense, Publicaciones de la caja Rural.
- FUERTES, N. (1988), «Norma», en A. Aguirre (ed.), *Diccionario temático de Antropología*. PPV, Barcelona.
- GÓMEZ GÓMEZ, S. (1993), «Betanzos», en M. Wouters (ed.), 1936. *Os primeiros días*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia, S. A., pp. 51-69.
- GONZÁLEZ CALLEJA, E. (1994), «Qué es y qué no es la violencia política. Consideraciones teóricas sobre el conflicto social violento», en J. Barrull Pelegri e C. Mir Curcó (coords). *Violencia política i ruptura social a Espanya, 1936-1945*, Lleida, Quaderns del Departament de Geografia i Historia, Universitat, pp. 29-66.
- (1994b). «La razón de la fuerza. Una perspectiva de la violencia política en la España de la Restauración», en J. Aróstegui (ed.), *op. cit. Violencia y política en España*. *Ayer*, n.º 13, Madrid, Marcial Pons, pp. 85-113.
- GONZÁLEZ MURILLO, P. (1996), «La política familiar del primer franquismo a través del Ministerio de Trabajo: 1938-1957», en *Preactas de las 1<sup>as</sup> Jornadas de Historia Económica de las Relaciones Laborales*. Sevilla, 14-15 de noviembre de 1996.
- GIDDENS, A. (s. d.), «Estado y violencia», en *Debats*, 4, pp. 81-90.



- HEINE, H. (1988), «Tipología y características de la represión y violencia política durante el período 1936-61», en *Actas del Congreso Internacional La oposición al régimen..., op. cit.*
- LANERO TÁBOAS, M. (1996), *Una milicia de la Justicia. La política judicial del franquismo (1936-1945)*. Madrid, *Centro de Estudios Constitucionales*.
- MAIZ, B. (1987), «A guerra civil en Galicia», en O 36 na Galiza. *Vigo, A Nosa Terra*.
- MARCUSE, H. (1971), *Eros y civilización*. Barcelona, *Seix Barral*.
- MICHAUD, Y. A. (1978), *La violence*. París.
- MIRA, J. F. (1990), «La Sagrada Frontera», en *Actas Simposio Internacional de Antropoloxía. Identidade e territorio. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega*, pp. 29-38.
- MORENO GÓMEZ, F. (1987), *Córdoba en la posguerra. La represión y la guerrilla, 1939-1950*. Francisco Baena-Editor.
- MORENO LUZÓN, J. J. (1991), «El estudio de los apoyos sociales del franquismo. Una propuesta metodológica», en *S. Castillo (coord.), La Historia Social en España. Actualidad perspectivas*. Madrid, *Ed. Siglo XXI de España Editores, S. A.* pp. 541-543.
- NISBET, R. A. (1975), *Introducción a la Sociología. El vínculo social*. Barcelona, *Vicens Vives*.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1993), «El fascismo en Galicia. El caso de Ourense (1931-1936)», en *Historia y Fuente Oral*, n.º 10, Barcelona, *Publicaciones de la Universidad*, pp. 143-174.
- ORS MONTENEGRO, M. (1995), *La represión de guerra y posguerra en Alicante (1936-1945)*. Alicante, *Institut de Cultura «Juan Gil-Albert»*.
- ORTEGA, F. (1979), «La sociología de Durkheim, teoría del poder disciplinario», en *Negaciones, Revista Crítica de Teoría, Historia y Economía*, n.º 7. Madrid, *F. Ariel del Val-Editorial Ayuso*, pp. 33-55.
- PASUNAKIS, E. B. (1976), *Teoría general del derecho y marxismo*. Barcelona, *Labor Universitaria*.
- PLATT, Th. (1992), «La violencia como concepto descriptivo y polémico», en *Pensar la violencia. Revista Internacional de Ciencias Sociales*. París, *UNESCO*, 132.
- PRADA, J. e R. SOUTELO (1996), «Antropoloxía da memoria: represión simbólica e función social das construcións míticas relativas á represión franquista». Comunicación presentada ó *III Congreso de Historia da Antropoloxía Aplicada*. Pontevedra.
- REIG TAPIA, A. (1996), «Represión y esfuerzos humanitarios», en E. Malefakis, *La guerra de España (1936-1939)*. Madrid, *Ed. Santillana, S. A. Taurus*, pp. 571-602.
- RIPOLLÉS ARENAS, B. (1979), «Violencia simbólica y medios de comunicación», en *Negaciones. Revista Crítica de Teoría, Historia y Economía*, n.º 7. Madrid, *Ariel del Val-Editorial Ayuso*, pp. 115-128.
- SHILS, A. (dir.), *Enciclopedia de las Ciencias Sociales*, Madrid, *Aguilar*.
- SOTELO, I. (1990), «Violencia y modernidad. Prolegómenos a una reflexión sobre la violencia política», en *Claves de Razón Práctica*, n.º 1. Madrid, pp. 47-53.
- VILLARROYA I FONT, J. e J. M.ª SOLÉ I SABATÉ (1988), «El castigo a los vencidos», en *La guerra civil*, vol. 24. Madrid, *Historia* 16, pp. 54-67.